

* Enxeñaría técnica de minas (todas as especialidades).

4.5. Distribución horaria.

* Os módulos profesionais deste ciclo formativo organízanse do seguinte xeito:

Horas totais	Denominación dos módulos
1º, 2º e 3º trimestre	
130	Organización e xestión da protección ambiental
110	Control de emisións á atmosfera
130	Control de residuos
240	Depuración de augas
110	Seguridade química e hixiene industrial
55	Relacións no contorno de traballo
55	Formación e orientación laboral
80	Proxecto integrado
4º trimestre	
440	Formación en centros de traballo

* As horas de libre disposición do centro neste ciclo formativo son 50, que se utilizarán nos tres primeiros trimestres.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 12 de agosto de 2005 pola que se modifican as medidas para a prevención de incendios forestais establecidas pola Resolución do 27 de xaneiro de 2005.

A resolución da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais do 27 de xaneiro de 2005 ten por obxecto prever a aparición e propagación de incendios nos montes galegos.

O Real decreto lei 11/2005, do 22 de xuño, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais regula no seu capítulo II unha serie de actuacións para a prevención dos lumes nos montes.

O artigo 11 do Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, polo que se aproban medidas en relación coas adoptadas no Real decreto lei 11/2005 establece a determinación por parte das comunidades autónomas do alcance das actuacións de prevención reguladas na citada norma.

En consecuencia, cómpre actualizar a devandita Resolución do 27 de xaneiro de 2005 desta dirección xeral para os efectos de adaptar as súas normas relativas ás prohibicións en época de máximo perigo ás medidas determinadas na normativa básica esta-

tal, permanecendo de plena aplicación as restantes disposicións da antedita resolución.

En virtude do anterior, modifícase o punto 4 da Resolución do 27 de xaneiro de 2005, da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, que queda redactado do seguinte xeito:

4. Prohibicións en época de máximo perigo:

-Prender lume ao aire libre en toda clase de terreos forestais ou agrícolas, incluídos os traballos en que se utilice o lume.

-Prender lume nas áreas de descanso da rede de estradas, en zonas recreativas e de acampada, incluídas as zonas habilitadas para tal fin.

-A circulación de vehículos a motor por todo tipo de pistas ou terreos forestais salvo servidume de paso, coa excepción dos vehículos utilizados para a xestión do terreo, traballos forestais ou para a vixilancia, prevención e extinción de incendios. A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais poderá declarar perímetros de acceso restrinxido ás zonas de especial risco (ZER), declaradas, como tal, na Orde do 12 de xullo de 2005 (DOG nº 138, do 19 de xullo).

-A utilización do territorio incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 11/2005, para competicións automobilísticas, do motocrós, de quáteres e similares, salvo autorización expresa da delegación provincial da Consellería do Medio Rural.

Todo isto con independencia da obtención do correspondente permiso do propietario do terreo que se deberá achegar coa solicitude de autorización.

-A utilización, nos montes e nas áreas rurais situadas nunha franxa de 400 metros arredados daqueles, de maquinaria non forestal ou agrícola con ferramentas que poidan producir chispas ou soldaduras de calquera tipo, salvo autorización expresa da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, que se outorgará unha vez estudada a memoria explicativa dos traballos e as medidas previstas de prevención e extinción de incendios.

A utilización de maquinaria forestal ou agrícola, tanto a pesada como a lixeira está autorizada para o normal desenvolvemento dos seus traballos forestais ou agrícolas, dentro das áreas antes establecidas, o que non exime do estrito cumprimento das medidas de prevención e extinción de incendios, así como das responsabilidades que puidesen contraer.

-Lanzar foguetes, globos ou calquera outro artefacto que poida producir ou conter lume nos territorios delimitados polo artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, conforme o disposto no Real decreto lei 11/2005.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2005.

Tomás José Fernández-Couto Juanas
Director xeral de Montes e Industrias Forestais

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Resolución do 29 de xullo de 2005 pola que se publicitan as axudas concedidas a organizacións de consumidores para a realización de proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores e usuarios, no marco da Resolución do 21 de febreiro de 2005 (Diario Oficial de Galicia número 41, do 1 de marzo) pola que se convocaron as axudas a organizacións de consumidores para a realización de proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores e usuarios para o ano 2005.

Na súa virtude, de acordo co establecido no artigo 18 das bases da citada convocatoria,

RESOLVE:

Publicitar as axudas concedidas para a realización de proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores e usuarios, aos beneficiarios que se relacionan no anexo desta resolución, nas contías que se sinalan.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2005.

Víctor Tello Calvo
Presidente do Instituto Galego de Consumo

ANEXO

Beneficiarios das axudas para a realización de proxectos de mellora do mercado en relación cos intereses dos consumidores e usuarios ás organizacións de consumidores e usuarios:

Beneficiarios	Proxectos	Importe (€)	Total (€)
Asociación de Usuarios de Bancos, Caixas de Aforro e Seguros de Galicia (Adicae-Galicia).	Estudo de campo sobre o sobreendebedamento do consumidor galego. A súa protección e prevención.	16.905,00	27.947,50
	Campaña formativa para a defensa dos dereitos do colectivo de discapacitados galegos fronte as entidades financeiras e de seguros.	11.042,50	
Asociación de Mulleres, Consumidores e Usuarios Catasol de Melide	Asesoramento mediante gabinete xurídico para a prestación de servizos en materia de consumo.	5.006,46	5.006,46
Federación Galega de Euroconsumo.	Campañas informativas.	8.636,16	30.226,33
	Planes formativos para grupos vulnerables.	21.590,17	
Unión de Consumidores de Galicia Ucgal.	Promoción do sistema arbitral de consumo en Pontevedra.	8.260,90	16.817,00
	Asistencia integral ao consumidor.	8.556,10	
Agrupación de Consumidores e Usuarios Asociados ACUA.	Creación dun gabinete xurídico.	4.684,93	6.436,83
	O consumidor na sociedade actual.	1.751,90	
Asociación de Consumidores e Usuarios en Marcha Conumar.	Asesoría xurídica.	10.255,00	26.206,60
	Estudo sobre os principais problemas de consumo na poboación de inmigrantes e emigrantes na Comunidade Autónoma galega.	15.951,60	
Asociación de Amas de Casa e Consumidores Lucus.	Educación do consumidor desde a escola ANPAS.	7.910,00	7.910,00

Beneficiarios	Proxectos	Importe (€)	Total (€)
Asociación de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios de Monterroso.	Proxecto de formación en materia de consumo que contribúa a incrementar o número de adhesións ao sistema arbitral de consumo.	2.047,50	2.975,00
	Proxecto de formación en materia de consumo que contribúa a incrementar os coñecementos sobre a vivenda: ¿compra ou aluguer?	927,50	
Asociación de Amas de Casa e Consumidores da Comarca de Lemos.	Adhesións ao sistema arbitral de consumo.	840,00	840,00
Asociación Provincial de Amas de Casa e Consumidores Motealegre.	Estudo de campo sobre a garantía de bens mobles e artigos de natureza duradeira.	8.427,25	21.771,41
	Promoción do sistema arbitral.	13.344,16	
Asociación de Vecinos, Consumidores e Usuarios-Centro Social, Cultural e Recreativo de Beade.	Contribuír e incrementar o número de adhesións ao sistema arbitral de consumo.	8.937,60	8.937,60
Asociación de Consumidores e Iniciativa Social de Marín.	IV Campaña de adhesión ao sistema arbitral de consumo.	7.385,00	15.007,48
	III Campaña de información sobre normas e dereitos do consumidor.	7.622,48	
Asociación Local de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios Rías Baixas de Pontevedra.	Promoción do sistema arbitral de consumo.	5.968,80	11.027,80
	Incorporación da poboación moza ao mov. asociativo.	5.059,00	
Asociación de Consumidores A Xuntanza.	Realización de campañas informativas a través de distintos soportes como folletos, guías, libros ou material multimedia.	5.740,00	8.890,00
	Asesoramento e asistencia técnica mediante a creación e apoio de gabinetes xurídicos para a prestación de servizos en materia de consumo.	3.150,00	

Resolución do 29 de xullo de 2005 pola que se publicitan as axudas concedidas a organizacións de consumidores e usuarios, para o funcionamento e mantemento das súas oficinas, no marco da Resolución do 29 de marzo de 2005 (Diario Oficial de Galicia número 66, do 7 de abril) pola que se convocaron as axudas a organizacións de consumidores e usuarios para o funcionamento e mantemento das oficinas de información aos consumidores para o ano 2005.

Na súa virtude, de acordo co establecido no artigo 18 das bases da citada convocatoria,

RESOLVE:

Publicitar as axudas concedidas para o funcionamento e mantemento das súas oficinas de información aos consumidores, aos beneficiarios que se relacionan no anexo desta resolución, nas contías que se sinalan.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2005.

Víctor Tello Calvo
Presidente do Instituto Galego de Consumo